


LETRAS GALEGAS 2008

XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ



Roseira do teu mencer



O libro "Roseira do teu mencer" é un libro de poesía dedicado á súa filla pequena María Luísa, á que familiarmente se refería como "Colorín" por ser "coloradota como unha mazá". Os poemas deste libro inclúen cantigas de berce como esta, musicada polo mestre José Luís Loureiro Durán:

Durme neniña, durme, meu ben;
túa nai ten sono, teu pai tamén.
Non penses máis no cabalo

que andaba a fuxir do dono;
¡mira eses cen cabaliños
que acarrexan o teu sono!

LETRAS GALEGAS 2008

XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ



Poemas de ti e de min

Libro de poemas publicado no ano 1949, na colección Benito Souto. Este libro está escrito conxuntamente co seu irmán Emilio.

A curiosidade deste volume é que tiña dúas portadas iguais. Unha para cada autor. a parte pertencente a Xosé María Álvarez Blázquez consta de dezanove poemas como...


O merlo poeta

Da gorxa algareira

do merlo lanzal

LETRAS GALEGAS 2008


XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ




*fuían as horas
collidas da man.*

*Coas súas muiñeiras
e os seus alalás
a tódalas merlas
iña namorar.*

*Na ponla máis outa
do meu salgueiral
morreu o poeta:
no papo, nin gran!*



A pega rabilonga



1971 por Edicións Castrelos, dentro da súa colección O Moucho.

Todos os relatos xiran ao redor dalgún tesouro e cada un deles está dedicado a un amigo do autor.

Eis o primeiro parágrafo do conto «A gavilla», dedicado a Celso Emilio Ferreiro.

«A xente envexosa decía que o pai do Ferrador prestárase a ferrar todo un escadrón de cabalería do mariscal Soult por unha saca de ouro roubada polos franceses no mosteiro de Melón, e que dempois escondeu o diñeiro até que o Ferrador, sendo mozo, o topou. A historia é distinta.»

Cancioeiro de Monfero

Este conxunto de oito cantigas da autoría de Xosé María imitan a lingua e os recursos dos autores galego-portugueses. Algún investigador mesmo chegou a crer que estas cantigas pertencían a un auténtico trobeiro do século XIII.

Anónimo

Desque vos vi en cas d'El Rei,

señor, mesquiño quedei,

e agora vivo coitado

como home desconortado

con grande amor que vos ei.

Con grande amor que [vos ei,]

señor, mesquiño [quedei]

e non me val ja conorte

se non vós, que soys m'ía morte


desque vos vi en cas d'El Rei.

Canle segredo

Este libro de poemas foi publicado por Edicións Castrelos no ano 1976 e está dedicado a María Luísa, muller

LETRAS GALEGAS 2008

XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ



do poeta. O libro foi galardonado co premio «Pondal», do Centro Galego de Bos Aires, pero non se chegou a publicar até vinte anos despois por Edicións Castrelos, propiedade de Xosé María.

BAIÓN

*Tomo a ti, meu Baión, terra louvada,
terra do corazón, amante miña,
onde os meus pais me diron ista anguria
de estar morrendo arreo pola terra.*

*Cando xa non coidei que máis te vise,
torno pra adormentarme no teu colo,
pra me quencer na morna terra túa
por onde van as ves do meu soño.*